



## PLAN DE ENSINO VIRTUAL ANTE A COVID-19

### PROCEDIMENTO XESTIÓN DE EQUIPAMENTO PARA ALUMNADO EN SITUACIÓN DE FENDA DIXITAL

Ante unha situación con alumnado en situación de confinamento ou corentena no seu domicilio (ben casos aillados de alumnado, ben a totalidade do alumnado dun grupo, ou a totalidade do alumnado do centro), o centro deberá identificar o alumnado que necesita un equipo e/ou a conexión a Internet, para poder seguir dende o seu domicilio a actividade educativa (dado que non dispón del no seu fogar, e non ten posibilidade de obtelo).

Unha vez identificados o alumnado que se atopa na situación descrita no parágrafo anterior, o procedemento será o que sigue:

1. **O centro educativo** debe remitir un correo electrónico ao seu Inspector, con copia a dirección de correo do Xestor do equipamento para dita situación [dispositivos.covid@edu.xunta.gal](mailto:dispositivos.covid@edu.xunta.gal), co seguinte asunto "SOLICITUDE CESIÓN EQUIPAMENTO FENDA DIXITAL – COVID" indicando no corpo do correo os seguintes datos:
  - *CODIGO DO CENTRO:*
  - *NOME DO CENTRO:*
  - *LOCALIDADE:*
  - *CONCELLO:*
  - *PROVINCIA:*
  - *NOME, APELIDOS, ENSINANZA, NIVEL E GRUPO DE CADA UNO DOS ALUMNOS:*
  - *DATA DE SOLICITUDE:*
2. **O inspector** validará a pertinencia da dita petición. Se fose preciso, pediranse as aclaracións necesarias ao centro educativo.
3. A **Unidade Loxística da AMTEGA** remitirá ao centro educativo o equipamento solicitado nun prazo de 1-2 días lectivos. Xunto co equipo acompañarase a seguinte documentación: Acordo de Cesión de Uso, Carta para as familias e as Instrucións para os centros xa precubertos.
4. **O centro**, entregará no prazo máis breve posible, dito equipamento xunto coa carta ás familias, segundo as instrucións que acompañan ao equipamento, e recollerá o Acordo de Cesión debidamente cumplimentado e asinado pola persoa da familia que recolla o equipo (acordo que deberá custodiar durante o curso escolar).
5. Unha vez finalizado o periodo no que o alumnado se atope en confinamento ou corentena, o **alumnado ou a súa familia** deberá devolver todo o equipamento entregado ao centro educativo nun prazo non superior a 3 días lectivos dende a incorporación do alumnado ao



centro. O centro deberá garantir que se reciba todos os elementos do equipamento entregado en perfecto estado, e recollerá no documento do acordo a data da devolución. **No caso de que non se devolverá todo o equipamento, ou este non se devolvera en correcto estado, o centro deberá recoller no documento do acordo ditas circunstancias, indicando os elementos non devoltos, ou as incidencias sobre ditos elementos.**

6. Una vez recollidos os elementos, o centro remitirá un correo ao Xestor do equipamento para dita situación dispositivos.covid@edu.xunta.gal, co seguinte asunto "RETIRADA EQUIPAMENTO FENDA DIXITAL – COVID", achegando os documentos de cesión asinados polas familias debidamente dixitalizados e indicando no corpo do correo os seguintes datos:
- *CODIGO DO CENTRO:*
  - *NOME DO CENTRO:*
  - *LOCALIDADE:*
  - *CONCELLO:*
  - *PROVINCIA:*
  - *NOME, APELIDOS, ENSINAZA, NIVEL E GRUPO DE CADA UNO DOS ALUMNOS:*
  - *DATA DE SOLICITUDE DE RETIRADA:*

## CONDICIÓNS DA CESIÓN

1. Mediante este acordo a Xunta de Galicia cede o uso dun ordenador e dun kit de conexión composto por un router inalámbrico e unha tarxeta SIM, ao/a alumno/a cunha finalidade educativa para a realización de tarefas escolares durante o período de corentena ou confinamento domiciliario do alumno/a por indicacións sanitarias debido a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, coas condicións e normas recollidas neste documento. **Non se poderá utilizar o citado equipo para ningún outro uso persoal ou profesional. Ademais non poderá cederse a terceiras persoas.**

2. O/a alumno/a e a súa familia non poderán realizar manipulacións no ordenador nin no software nel instalado. En caso de que se observe calquera desperfecto no equipo, deberá informar ao/á titor/a do curso e notificalo á Unidade de Atención a Centros (UAC) no menor prazo posible. Dado que se trata dunha ferramenta proporcionada pola Administración, o persoal técnico da Xunta de Galicia poderá requirir o ordenador para desenvolver actividades de administración ou mantemento.

3. O ordenador e o kit de conexión deberán ser entregados (**nas súas embalaxes orixinais**) no centro educativo á maior brevidade posible e sempre no prazo máximo de 3 días desde o retorno do/a alumno/a asista o centro escolar unha vez rematado o período de estancia domiciliaria do alumno/a.

4. Responsabilízome do correcto coidado e uso do ordenador e do kit de conexión, respondendo da perda deste ou do seu mal uso. Isto non inclúe as avarías que poidan producirse na utilización diaria dos equipos e estean contempladas na súa garantía.

UNIDADE DE ATENCIÓN A CENTROS

uac@edu.xunta.gal  
881997701